

MYCOGALICIA, I+D+I NA MICOLOXÍA GALEGA E NA UNIVERSIDADE DE VIGO

por

M. CABALEIRO¹, A. CORDEIRO², P. ESTÉVEZ³ & H. FERNÁNDEZ-RICÓN⁴

MYCOGALICIA (www.mycogalicia.es) é un proxecto nacido das inquedañas de catro biólogos [Andrés Cordeiro, María Cabaleiro, Hugo Fernández-Ricón e Paula Estévez], que comezou a tomar forma a partires dunha pequena idea presentada aos premios INCUVI-Emprende da Universidade de Vigo no ano 2016. Esa idea era mellorar o estado dos montes e a produtividade de cogomelos a partir de estudos micolóxicos e aplicando medidas de mellora. Tras un ano de formación e desenvolvemento da idea no programa INCUVI-Emprende, os ámbitos abarcados por *MYCOGALICIA* incrementáronse e consolidáronse, e finalmente no ano 2017 *MYCOGALICIA* obtivo, pola solidez do seu plan de negocio, o accésit dos premios INCUVI-Avanza da mesma universidade.

Que pretende MYCOGALICIA?

A problemática actual coa maior parte das explotacións forestais en Galicia é a súa obsesión pola explotación madeireira, cuxo mercado se atopa en descenso dende 2005. Tendo isto en conta, parece o momento axeitado para apostar polo crecente interese e o avance do mercado dos cogomelos, para darlle unha nova utilidade ao monte baseada nunha xestión sostible e diversificada (multifuncional).

Tendo detectado esta problemática, *MYCOGALICIA* propón aos seus potenciais clientes (comunidades de montes, concellos, asociacións, cooperativas, centros educativos, empresas ou particulares) servizos profesionais de calidade e adaptados a eles, baseados sempre no respecto e compromiso ambiental, na sustentabilidade e na innovación, sen esquecer tamén a dinamización do rural galego.

MycoGalicia (www.mycogalicia.es); e-mail: ¹mcabaleiro@mycogalicia.es,
²acordeiro@mycogalicia.es, ³pecaride@mycogalicia.es, ⁴hfernandez@mycogalicia.es

A carteira de servizos de *MYCOGALICIA* presenta catro áreas principais, todas elas relacionadas coa Micología:

Formación e divulgación: achega o coñecemento micolóxico de diferentes xeitos, tanto para o público xeral coma especializado, a través de cursos e obradoiros de identificación e cultivo, conferencias, charlas-coloquio, ademais de saídas didácticas, exposicións micolóxicas, así como deseño de roteiros e centros de interpretación micolóxica.

Asesoramento: abrangue temas de lexislación referidos á Micología e estudos de produtividade de cogomelos no monte, así coma análise do valor potencial, calidade, *marketing* e comercialización dos mesmos.

Xestión forestal: xestiona para desenvolver un aproveitamento diversificado nas explotacións forestais, na optimización da produción de cogomelos comercializables, así coma o emprego de fungos na loita contra o lume e os fitopatóxenos.

I+D+i: céntrase na aplicación dos fungos, e os seus derivados, a diferentes sectores industriais e empresariais para mellorar a sustentabilidade do sector.

Situación actual de MYCOGALICIA?

MYCOGALICIA atópase nos momentos previos á súa constitución coma S.L. asociada ao grupo de investigación BA2 da Universidade de Vigo e a punto de solicitar a súa inscrición coma *spin-off* da UVIGO, coa participación da Dra. Marisa Castro. E, por suposto, arranxando todo o necesario para que o Outono-2017 proporcione aínda máis éxitos que o ano anterior.

